



---

# MERCADO DE NADAL DO CONCELLO DE TUI

---

## BASES DE PARTICIPACIÓN DE EXPOSITORES

**Promove e organiza:** Departamento de Formación e Emprego, Igualdade e Xuventude, Comercio e Mercado do Concello de Tui.

**Datas de celebración:** do 3 ao 12 de decembro de 2021

**Lugar:** Paseo da Corredoira.

**Horario de apertura ao público:** de 11.00 a 14.00h / 17.00 h a 21.00h

O Departamento de Formación e Emprego, Igualdade e Xuventude, Comercio e Mercado do Concello de Tui promove a celebración do **Mercado de Nadal de Tui 2021**, no que se expoñerán produtos artesanais e de produción a pequena escala, seleccionados mediante unha convocatoria aberta que se rexe por estas **Bases de Participación**.

---

## O MERCADO. DESENVOLVEMENTO.

**1.** O Mercado de Nadal do Concello de Tui celebrarase do 3 ao 12 de decembro de 2021, na rúa Paseo da Corredoira. O horario de apertura será de 11:00 a 14:00h e de 17:00 a 21:00h.

**2.** O Concello poderá cambiar as datas, modificar os horarios de apertura ou mesmo anular a celebración do Mercado, en caso de forza maior ou de cambio nas tendencias da pandemia polo SARS-CoV-2, sen que os expositores poidan presentar reclamación.

**3. Poderán participar no Mercado** todos os **artesanais e comerciantes** autorizados para a produción e/ou venda de produtos, sexan persoas físicas ou sociedades. Os expositores deben estar legalmente constituídos, ou regularizados no réxime de traballadores por conta propia, segundo o caso.

**4.** Durante os días de celebración do Mercado os expositores estarán obrigados a cumprir rigorosamente as medidas vixentes de protección contra o coronavirus e, en todo caso, deberán:

- Portar máscara e manter a distancia de seguridade co público asistente e cos restantes expositores.
- Dispor de xel hidroalcohólico para uso propio e do público visitante.
- Desinfectar regularmente os mostradores e zonas do posto que poidan estar en contacto co público.
- No seu caso, utilizar envases de un só uso, evitando os plásticos.

- Dar prioridade aos pagos con tarxeta fronte aos pagos en efectivo, sempre que sexa posible.

**5.** A participación no Mercado obriga á aceptación destas Bases de Participación e das decisións que adopte a organización na súa interpretación, ou en todos os aspectos non regulados especificamente no articulado

---

## **PERSOAS EXPOSITORAS. SOLICITUDES. CRITERIOS E PROCESO DE SELECCIÓN.**

**6.** O Mercado desenvolverase no Paseo da Corredoira, nun máximo de 20 estruturas individuais de madeira (casetas) de medidas 3x2, con apertura frontal e lateral e mais mostrador.

**7.** Na selección dos expositores darase **prioridade ás solicitudes para a exposición e venda de produtos específicos de Nadal**, incluíndose alimentación, decoración de Nadal e agasallos. Terán prioridade os produtos de carácter artesán ou producidos a pequena escala.

**8.** Ademais dos criterios básicos recollidos no punto anterior, na selección valorarase:

- O feito de tratarse de solicitantes con razón social no Concello de Tui e comarca.
- A calidade, singularidade e carácter diferencial dos produtos.
- A variedade de sectores, que faga atractivo o Mercado para todo tipo de público.
- Trátase de produtos fabricados en Galicia.
- Que o solicitante conte coa Carta de Artesán.

**9.** Pechado o prazo de solicitude, a organización levará a cabo a selección das persoas expositoras e a adxudicación dos postos, na procura do beneficio do conxunto do Mercado a variedade e calidade dos produtos á venda.

**10.** Tras seren informados da proposta de adxudicación, os seleccionados deberán **confirmar** a súa participación e **remitir á organización**, no prazo que se fixe:

- Contrato de participación que lle remita a organización asinado.
- Bases de Participación asinadas.
- Xustificante de pago da fianza que se establece no apartado 14 destas Bases.
- Copia do DNI ou do CIF, segundo o caso.
- Copia da última cota pagada do réxime de autónomos, se é o caso.
- Xustificante de que a sociedade/autónomo cumpre coa normativa laboral en referencia ao traballador ou traballadores que van atender o posto, se é o caso.
- Xustificante de alta no IAE.
- Póliza e recibo de pago de Seguro de Responsabilidade Civil, que debe cubrir a súa participación no Mercado.
- Declaración responsable de estar ao corrente de pagos en Facenda e Seguridade Social.
- Para novos artesáns, solicitude de alta no IAE, ou documento que acredite a data de comezo da actividade.
- Rexistro sanitario e copia da documentación que acredite estarán autorizados para a elaboración e manipulación de alimentos, se é o caso.

**11.** Os expositores responsabilízanse do cumprimento estrito de toda a normativa referida á venda polo miúdo, así como a normativa sanitaria, laboral e fiscal. O Concello poderá comprobar de oficio que os expositores están ao corrente de pagos en Facenda e Seguridade Social.

**11. A solicitude de participación** presentárase exclusivamente mediante formulario en liña accesible desde o enlace <https://forms.gle/B2iBBpQQg9Zxn9ok6>. As solicitudes deberán presentarse antes das **23:00h. do día 19 de novembro de 2021**. Xunto coa solicitude en liña, as persoas solicitantes deberán remitir ao correo [mercadotui@versalscq.com](mailto:mercadotui@versalscq.com) entre **4 e 6 fotografías representativas** do seu produto. **A solicitude non será válida se non se acompaña do envío das fotografías.**

**12.** Na solicitude de participación en liña os solicitantes deberán describir de xeito pormenorizado os produtos á venda, tendo en conta que **non se aceptará a exposición e/ou venda de produtos non incluídos na solicitude**. Incumprir esta norma pode dar lugar á retirada do produto non autorizado, e mesmo á perda da fianza á que se fai referencia no apartado 14.

**13.** Ao cubriren o formulario en liña, os solicitantes quedan informadas e consenten expresamente que os seus datos sexan incorporados a un ficheiro para o seu tratamento automatizado relacionado cos fins exclusivos do obxecto da solicitude. Poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose á secretaría técnica do Mercado, [mercadotui@versalscq.com](mailto:mercadotui@versalscq.com)

---

## **PARTICIPACIÓN E FIANZA**

**14. A participación no Mercado é de balde** para expositores e visitantes. Unha vez adxudicados os postos e confirmada a participación, todos os expositores **deberán depositar unha fianza** de 150€, que recuperarán íntegra ao remate do Mercado sempre que non concorran algunha das seguintes causas:

- Cancele a súa participación, con independencia das causas.
- Produzan danos ás casetas propias ou nas doutros expositores ou, en xeral, ao recinto no que se desenvolve a actividade. Se o importe dos danos producidos é superior ao da fianza, o expositor deberá aboar a diferenza.
- Expoñan para a venda produto non rexistrado na solicitude de participación e aprobado pola organización.
- Non cumpran as normas e horarios de montaxe e recollida que fixe a organización.
- Non cumpran os horarios de apertura e peche ao público do Mercado recollidos nestas Bases, ou os que, no seu caso, poida decidir a organización por causas de forza maior.
- Non colaboren para favorecer o desenvolvemento do Mercado, sempre en beneficio do conxunto dos expositores e do público asistente.

## EXPOSICIÓN DE PRODUCTOS. MÚSICA AMBIENTAL

**15.** Os expositores están obrigados a **decorar os seus postos con motivos de Nadal e a** expoñer o produto dun xeito atractivo e ordenado. Na montaxe seguiranse estritamente as indicacións da organización sobre os elementos de montaxe autorizados. Non se permitirá o uso de disolventes, adhesivos ou útiles punzantes que poidan danar as casetas, nin tampouco de produtos tóxicos ou inflamables. Os expositores deberán asumir os gastos dos danos e perdas que poidan causar ao seu propio produto, casetas, mobiliario ou infraestruturas do Mercado proporcionadas pola organización.

**16.** A reprodución de música nos postos realizarase cun volume axeitado para non perturbar aos expositores contiguos nin á veciñanza. O expositor é o único responsable do cumprimento da normativa vixente sobre dereitos de autor.

---

## PROMOCIÓN DO MERCADO

**17.** Para facilitar a promoción do Mercado, unha vez adxudicados os postos os expositores remitirán á organización tres fotografías dos seus produtos máis representativos.

**18.** Os expositores autorizan á organización a realizar fotografías ou videos dos seus produtos durante os días de celebración do Mercado, así como a difundir este material, co único obxectivo de divulgar o evento e captar público.

---

## INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

**19.** Para aclaración de dúbidas e realización de consultas, os interesados poden dirixirse por escrito ao correo electrónico da secretaría técnica do Mercado, [mercadotui@versalscq.com](mailto:mercadotui@versalscq.com)